



OURENSE, A OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA Nº 13-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA DH 25/26

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C. MARINA FERROL

Día e hora: 26-4-26; 18:00.

FEITOS

ÚNICO: O día 4/5/26 foi remitida a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, recóllense os seguintes feitos:

"No minuto 05:49 do terceiro período amósaselle tarxeta amarela ao adestrador local, D. Luis Miguel Vilavedra, por protestar reiteradamente decisións arbitrais erguendo os brazos".

FEITO SEGUNDO: O día 5/5/26 deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento, non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos descritos son constitutivos de infracción leve do art. 7.I.1, epígrafe "A": protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO: De acordo co apartado 5.3.2 da Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26, as sancións a adestradores establécense por ciclos, correspondendo á primeira tarxeta amarela a sanción de amoestación, e á segunda tarxeta amarela a sanción correspondente segundo o ciclo aplicable.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: O apartado 5.3.4 da Normativa Xeral de Waterpolo dispón que as sancións serán cumpridas na categoría na que se cometeu a infracción, e que a reiteración disciplinaria se computará tamén por categorías.

En consecuencia, non procede tomar en consideración, para os efectos do ciclo sancionador da presente categoría, a sanción que puidese constar no Acta nº 35/26, ao corresponder a unha categoría distinta, sen prexuízo do seu cómputo e efectos na categoría na que fose imposta.

RESOLUCIÓN

Impor a **LUIS MIGUEL VILAVEDRA FERNÁNDEZ**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN consistente en AMOESTACIÓN**, correspondente á primeira tarxeta amarela do ciclo na categoría **LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA DH 25/26**.

Así mesmo, faise constar que a presente amoestación computará nesta categoría para os efectos do ciclo sancionador previsto no apartado 5.3.2 da Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26.

José Antonio Nóvoa

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN